

## XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A vixente Relación de Postos de Traballo aprobouse por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural (DOG 15/07/21), e foi modificada polas seguintes Resolucións:

- Resolución do 24 de xuño de 2021 (DOG 25/06/2021), referente ao proceso de funcionarización de diversos postos de traballo.
- 
- Resolución do 5 de agosto de 2022 (DOG 11/08/2022), pola que se crean as Unidades de Investigación de Incendios Forestais, os postos itinerantes e de coordinación das OACs e o servizo da Cadea Alimentaria.
- 
- Resolución do 5 de outubro de 2022 (DOG 11/10/2022), pola que se aproba a creación dunha unidade administrativa temporal para a xestión de fondos de recuperación e resiliencia (FRR) e outros fondos europeos da Consellería do Medio Rural.
- 
- Resolución do 19 de xaneiro de 2023 (DOG 23/01/2023), polo que se modifican diversos postos de traballo derivados da superación de persoal temporal os correspondentes procesos selectivos.
- 
- Resolución do 22 de maio de 2023 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na escala técnica do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade de bombeiro/a forestal xefe/a de brigada, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, do grupo B; na escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidades de bombeiro/a forestal-condutor/a de motobomba, emisorista-vixilante fixo/a e bombeiro/a forestal, do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2; e no corpo auxiliar de Administración xeral, subgrupo C2.
- 
- Resolución do 9 de xuño de 2023 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de 8 xuño de 2023 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Medio Rural polo que se crean as unidades helitransportadas do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.
- 

Resolución de 24 de novembro de 2023 pola que se ordena a publicación do

Acordo do Consello da Xunta de 23 de novembro de 2023, polo que se acorda a modificación da relación de postos de traballo como consecuencia das necesidades funcionais e organizativas da Consellería do Medio rural no Servizo de Prevención de Incendios Forestais.

A aprobación dunha nova relación de postos da consellería xustifícase principalmente pola necesidade de adaptala ao *Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural*, modificado polo *Decreto 148/2024, do 20 de maio*, sen prexuízo de que o tempo transcorrido obrigue tamén a realizar outras modificacións puntuais.

## **A. ADAPTACIÓN AO DECRETO 223/2022, MODIFICADO POLO DECRETO 148/2024**

O Decreto 223/2022, do 22 de decembro, realizou modificacións organizativas que afectaban á estrutura orgánica da consellería e que supoñían cambios na Relación de Postos de Traballo da Consellería do Medio Rural que aínda están sen reflectir.

Posteriormente, o artigo 11 do Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, dispón que para o exercicio das súas funcións a Consellería de Medio Rural estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

- 1.- Secretaría Xeral Técnica
- 2.- Dirección Xeral de Defensa do Monte
- 3.- Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal
- 4.- Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
- 5.- Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria

Ademais, o Decreto 148/2024 en desenvolvemento do Decreto 49/2024, de 22 de abril, realiza modificacións na estrutura da Consellería do Medio Rural aprobada polo Decreto 223/2022.

Nos apartados seguintes, descríbense, por centro directivo, as modificacións pertinentes e que afectan fundamentalmente aos servizos centrais da consellería :

### **A.1 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**

A Secretaría Xeral Técnica intégrase polos seguintes órganos:

- Vicesecretaría Xeral

- Servizo de Persoal
- Servizo de Recursos e Reclamacións en materia de persoal
- Servizo de Calidade de Procedementos e Sistemas
  - Subdirección Xeral de Xestión Económica e Orzamentaria
- Servizo de Xestión Económica e Orzamentaria
  - Subdirección Xeral de Contratación
- Servizo de Contratación
  - Subdirección Xeral de Réxime Xurídico
- Servizo Técnico-Xurídico
- Servizo de Tramitación e Desenvolvemento Normativo
  - Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos Agrarios
- Servizo de Coordinación e Seguimento dos Fondos Agrarios
  - Subdirección Xeral de Planificación da Extensión Agraria
- Servizo de Coordinación e Dinamización da Extensión Agraria

Esta estrutura require realizar na vixente Relación de Postos de Traballo os seguintes cambios:

#### A.1.1. **Vicesecretaría Xeral**

Ademais das competencias xenéricas que ten atribuídas como órgano de coordinación e apoio na xestión da actividade da Secretaría Xeral Técnica, de acordo co previsto no artigo 32 da Lei 16/ 2010, de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, asume as competencias dos servizos que ata este momento estaban adscritos á Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa que son o Servizo de Persoal e o Servizo de Recursos e Reclamacións de persoal e tamén se lle adscribe o Servizo de Calidade de Procedementos e Sistemas que dependía directamente da Secretaría/ Xeral Técnica.

O Decreto 148/2024, do 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 223/2002, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural, no referente ás funcións do **Servizo de Calidade de Procedemento e**

**Sistemas**, establece o seguinte:

*.. “As funcións ligadas ao ámbito das novas disposicións normativas en materia de transparencia ao abeiro da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (delegado de protección de datos).”*

A categoría dos datos persoais xestionados na Consellería do Medio Rural, ademais dos datos ordinarios de calquera das consellerías da Xunta se tratan datos das persoas, físicas e xurídicas, que son solicitantes de axudas e dos procedementos directamente vencellados á obtención destas. Neste grupo, son datos cun nivel de sensibilidade e criticidade medio-alto, pois ademais dos datos persoais, trátanse datos dos bens dos que dispoñen, do tipo de actividade profesional que realiza, da súa produción e da súa situación fronte a Seguridade Social e as facendas estatais e autonómica.

Polas razóns expostas nos parágrafos anteriores considérase que o posto cumpre co criterio de excepcionalidade establecido no punto 5.1 da Resolución da entón denominada Dirección Xeral de Función Pública do 25 de febreiro de 2016, pois o posto leva consigo responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais de niveis medio e alto segundo a clasificación establecida nos apartados 2 e 3 do artigo 81 do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. Na actual Relación de Postos de Traballo, o posto indicado xa ten como forma de provisión a libre designación.

#### **A.1.2. Subdirección Xeral de Xestión Económica e Orzamentaria**

De conformidade coas funcións que lle atribúe o Decreto 148/2024 adscribíense a esta unidade os postos adscritos á Vicesecretaría Xeral antes da modificación do Decreto 223/2022 polo que se establece a estrutura da Consellería do Medio Rural, modificado polo Decreto 148/2024, que inclúe os postos de xestión do parque móbil, xestión do patrimonio e o Servizo de Xestión Económica e Orzamentaria, con funcións orzamentarias e de xestión de gasto, así como todos os postos dependentes del.

#### **A.1.3. Subdirección Xeral de Réxime Xurídico**

O Decreto 223/2022 modifica a denominación do Servizo de Recursos e Reclamacións da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico que pasa a denominarse **Servizo Técnico- Xurídico**, o que se traslada á Relación de Postos de Traballo.

#### **A.1.4. Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos Agrarios**

Modifica a súa denominación xa que antes do Decreto 223/2022 era a Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos e o Servizo de Coordinación e Seguimento do PDR, e coa modificación realizada polo Decreto 148/2024, esta subdirección xeral pasa a denominarse **Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos Agrarios** xa que amplía as súas competencias no exercicio das funcións que os regulamentos comunitarios atribúen as Autoridades Rexionais de xestión do Plan estratéxico da PAC ( PEPAC), como responsable da xestión e aplicación eficiente, eficaz e correcta do programa , e con asistencia directa da nova Dirección Xeral da PAC e do control da Cadea Alimentaria no referente aos fondos FEAGA

En coherencia tamén se modifica a denominación do Servizo que ten adscrito dita subdirección xeral xa que antes da aprobación do Decreto 223/2022 se denominaba Servizo de coordinación e Seguimento do PDR e agora pasa a denominarse **Servizo de Coordinación e seguimento dos Fondos Agrarios**.

Tanto a subdirección como o servizo manteñen a estrutura de postos que ten na actual RPT.

#### **A.1.5. Subdirección Xeral de Planificación da Extensión Agraria**

O Decreto 223/2022, do 22 de decembro, crea dous órganos: a **Subdirección Xeral de Planificación da Extensión Agraria** e o **Servizo de Coordinación e Dinamización da Extensión Agraria**.

Estas creacións, derivan da nova Política Agraria Común (PAC) que dispón que os Estados Membros deben garantir a existencia de servizos de asesoramento ás explotacións co fin de mellorar a xestión sostible e o rendemento xeral das explotacións agrícolas e empresas rurais no plano económico, medioambiental e social.

DENOMINACIÓN	NIVEL	GRUPO	FORMA PROVISIÓN	ADMÓN	ADSC. AA.PP	FORMACIÓN ESPECÍFICA
Subdirección Xeral de Planificación da Extensión Agraria	30	A1	LD	XERAL/ESPECIAL	A11	640
Servizo de Coordinación e Dinamización da Extensión Agraria.	28	A1/A2	CE	ESPECIAL (rama agraria)	AXG	-

O sistema de provisión elixido para a Subdirección Xeral de Planificación da Extensión Agraria xustifícase no disposto no artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O Servizo de Coordinación e Dinamización da Extensión Agraria da apoio á

subdirección e, ademais da planificación e coordinación dos traballos das OORR cos outros centros directivos da consellería, ten encomendada como función principal, a partires das tarefas recollidas no decreto de estrutura, a posta en marcha do servizo de asesoramento público a explotacións agrarias dende as OORR da CMR o que require de persoal funcionario coa titulación que habilita a normativa para o asesoramento a explotacións, en todo caso da administración especial da rama agraria.

#### **A.1.6. Asesoría Xurídica da Gandaría, Agricultura, Calidade Cadea alimentaria e da PAC.**

Como consecuencia das modificacións na estrutura orgánica da consellería realizadas polo Decreto 148/2024 e principalmente pola creación da nova Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria modifícase a denominación dunha das dúas asesorías xurídicas con dependencia orgánica da Secretaría Xeral Técnica e dependencia funcional da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. Trátase da Asesoría Xurídica de Gandaría ,Agricultura e Calidade Alimentaria que pasa a denominarse **Asesoría Xurídica de Gandaría, Agricultura, calidade, Cadea Alimentaria e da PAC** .

#### **A.2. DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS.**

Esta Dirección Xeral, despois da modificación realizada polo Decreto 148/2024, intégrase polos seguintes órganos:

- Servizo de Análise e Informes ( con dependencia directa do Director Xeral).
- Subdirección Xeral de Gandaría
- Servizo de Sanidade Animal
- Servizo de Producións Gandeiras e Benestar animal.
- Servizo de Seguridade Alimentaria nas producións gandeiras
- Laboratorio de Sanidade e Produción Animal de Galicia (Lugo)
- Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia ( Fontefiz)
- Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias
- Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario

- Servizo de Sanidade e Produción Vexetal
- Subdirección Xeral de Industrias Agroalimentarias
- Subdireccións Xeral Económica e de Dotación de Medios
- Servizo de Dotación de Medios

Neste centro directivo prodúcense as seguintes modificacións respecto á estrutura establecida no Decreto 223/2022, do 22 de decembro:

### **A.2.1. Subdirección Xeral de Industrias Agroalimentarias**

A consecuencia da creación da nova dirección xeral de Coordinación da PAC e da Cadea e Calidade Alimentaria, nesta subdirección xeral se realizan os seguintes cambios:

- o cambio de denominación da Subdirección Xeral como consecuencia da asunción de parte das súas competencias pola nova Dirección Xeral da PAC e da Cadea Alimentaria xa que antes denominábase Subdirección Xeral da Cadea e Industrias Alimentarias. Co novo Decreto de estrutura orgánica, esta unidade pasa a denominarse **Subdirección Xeral de Industrias Agroalimentarias** e asume competencias de fomento da actividade de transformación e comercialización das producións agrarias e agroalimentarias
- O Servizo de Control da Cadea Alimentaria e o Servizo de Cadea Agroalimentaria e de Prácticas Comerciais Desleais e todos os postos dependentes dos ditos servizos, pasan a depender da nova Dirección Xeral da PAC e da Cadea Alimentaria xa que lle corresponden as competencias destes servizos.
- Suprímese o servizo de Industrialización e Comercialización e as súas funcións pasan a ser exercidas directamente pola subdirección xeral, da que dependen todos os postos do servizo suprimido.

### **A.2.2. Servizo de Auditoría Interna na Cadea Alimentaria**

Este servizo que dependía directamente do Director xeral de Ganaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pasa a depender directamente do Director Xeral da PAC e do control da Cadea Alimentaria, tendo en conta as funcións que realiza de auditoría para garantir a aplicación da lexislación na cadea alimentaria.

Por tanto todos os postos dependentes del pasan a depender da nova Dirección Xeral da PAC e do control da Cadea Alimentaria.

As modificacións dos postos dependentes do servizo que agora dependen desta nova dirección xeral, só afectan ao centro de adscrición, pero non implican ningún tipo de mobilidade das persoas ocupantes das prazas nin alteración do contido

funcional que exceda das funcións propias asignadas aos respectivos corpos ou escalas das persoas afectadas.

### **A.3 DIRECCIÓN XERAL DA PAC E DA CADEA ALIMENTARIA .**

De conformidade co previsto no artigo 30 da Lei 16/2010 , de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, créase a Dirección Xeral da PAC e da Cadea Alimentaria como órgano ao que lle corresponde o exercicio de competencias de coordinación da PAC, colaborando co Fogga na elaboración proposta e desenvolvemento das directrices de política agraria da Consellería en materia de xestión das axudas da política agraria común (PAC), asistindo á Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos Agrarios no exercicio das súas funcións derivadas da condición de autoridade rexional de xestión da PE PAC, no tocante aos fondos Feaga, análise e estudo da situación da cadea alimentaria en Galicia, dos axentes que interveñen nela, formación de prezos, inspección e control da normativa de aplicación da cadea alimentaria e actividades de auditoría.

Á persoa titular desta Dirección Xeral corresponderalle tamén a titularidade da dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria ( FOGGA).

Esta nova Dirección Xeral asume, entre outras, as funcións de análise e seguimento das problemáticas do sector lácteo e dos prezos do leite e o mantemento dun observatorio de prezos e de custos de produción e o exercicio de actividades para un axeitado funcionamento do Observatorio do Sector Lácteo, e está conformada polos seguintes órganos:

#### **A.3.1 Subdirección Xeral de Coordinación da PAC, da Cadea e Calidade Alimentaria**

A creación desta subdirección xeral ven xustificada polas funcións que asume a nova Dirección Xeral e tamén polas competencias que asume noutras materias da Consellería, antes exercidas pola Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias como son a calidade alimentaria, o control da cadea alimentaria e a auditoría interna da cadea alimentaria.

DENOMINACIÓN	NIVEL	SUBGR UPO	FORMA PROVISIÓN	ADMÓN	ADSC. AA.PP	FORMACIÓNESPE CÍFICA
Subdirección Xeral de Coordinación da PAC, da Cadea e Calidade Alimentaria	30	A1	LD	XERAL/ES PECIAL	A11	640

O sistema de provisión elixido xustifícase no disposto no artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Para o exercicio das súas funcións adscríbense a esta Subdirección Xeral os



seguintes servizos anteriormente adscritos á Subdirección Xeral da Cadea e Industrias Agroalimentarias da Dirección Xeral de Gandararía, Agricultura e Industrias Agroalimentarias:

Así mesmo , de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 148/2024, pasará a integrarse neste centro directivo o persoal do Fogga que presta servizos en materia de control das declaracións do leite, dos contratos do sector lácteo, o exercicio de actividades para un axeitado funcionamento do Observatorio do Sector Lácteo e a análise e seguimento das problemáticas do sector lácteo e dos prezos do leite e a xestión do sistema de información da cadea alimentaria no sector lácteo, vitícola e oleico.

En consecuencia, os postos que se trasladan desde o Fogga a esta Dirección Xeral son os dous postos base A1 co código MR.O13.00.000.15770.009 e MR.O13.00.000.15770.002

O posto co código MR.O13.00.000.15770.009 no seu día foi creado en virtude de sentenza do xulgado do social ditada en materia de cesión ilegal de traballadores, obrigando a crear unha praza aberta ao corpo/escala de biólogos atendendo á titulación da persoa que obtivo un pronunciamento xudicial favorable á súa reclamación.

Na actualidade a dita praza é vacante e está sen ocupar.

O traballo a desempeñar por estes dous postos ten unha importante carga administrativa e de control, tanto dos contratos do sector lácteo, vitícola e oleico como de seguimento da evolución de prezos nestes sectores.

Por iso, considerase máis axeitado e axustado a esas funcións, que as dúas prazas estean abertas a persoal funcionario da Administración Xeral, polo que se modifica o posto MR.O13.00.000.15770.009 actualmente aberto a administración especial que queda aberto a administración xeral.

Unha vez traspasados os postos baixo a dependencia do director, xa que son postos base do subgrupo A1, é necesario recodificalos:

CODIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	SUBGRUPO	FORMA PROVISIÓN	ADMÓN
MR.C07.00.000.15770.002	Posto base subgrupo A1	20	A1	CONCURS O	XERAL
MR.C07.00.000.15770.009	Posto base subgrupo A1	20	A1	CONCURS O	XERAL

### **A.3.1.1 Servizo da Cadea Alimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais**

Este servizo mantén a denominación e estrutura de postos existentes na actualidade e queda adscrito á Dirección Xeral da PAC e da Cadea Alimentaria.

As modificacións dos postos dependentes do servizo que agora depende desta nova subdirección xeral, só afectan ao centro de adscrición, pero non implican ningún tipo de mobilidade das persoas ocupantes das prazas nin alteración do contido funcional que exceda das funcións propias asignadas aos respectivos corpos ou escalas das persoas afectadas.

### **A.3.1.2 Servizo de Control da Cadea Alimentaria**

Este servizo mantén a denominación e estrutura de postos existentes na actualidade.

As modificacións dos postos dependentes do servizo que agora depende desta nova subdirección xeral, só afectan ao centro de adscrición, pero non implican ningún tipo de mobilidade das persoas ocupantes das prazas nin alteración do contido funcional que exceda das funcións propias asignadas aos respectivos corpos ou escalas das persoas afectadas.

### **A.3.2. Servizo de Auditoría Interna na Cadea Alimentaria**

Este servizo que dependía directamente do Director xeral de Ganaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pasa a depender directamente do Director Xeral da PAC e do control da Cadea Alimentaria, tendo en conta as funcións que realiza de auditoría para garantir a aplicación da lexislación na cadea alimentaria.

O servizo de Auditoría e Interna na Cadea alimentaria actuará con dependencia directa da Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria para garantir a súa independencia sobre as unidades que deberá auditar, exercerá as funcións previstas no artigo 6 do Regulamento (UE) 2017/625, de 15 de marzo de 2017, sobre controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, saúde e benestar animal, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

DENOMINACIÓN	NIVEL	GRUPO	FORMA DE PROVISIÓN.	ADMÓN	ADSC. AA.PP
Servizo de Auditoría Interna na Cadea Alimentaria	28	A1-A2	LD	XERAL/ESPECIAL	A11

O posto configúrase como de libre designación e a súa cobertura require dunha especial responsabilidade e cualificación profesional xa que ten atribuídas funcións de auditoría e depende directamente dun alto cargo, o que determina a aplicación do criterio de excepcionalidade previsto na Instrución Cuarta núm. 1.2 da Resolución da D.X. de Función Pública do 25 de febreiro de 2016.

As modificacións dos postos dependentes deste servizo que agora dependen directamente desta nova dirección xeral, só afectan ao centro de adscrición, pero non implican ningún tipo de mobilidade das persoas ocupantes das prazas nin alteración do contido funcional que exceda das funcións propias asignadas aos respectivos corpos ou escalas das persoas afectadas.

#### **A.4. DEPARTAMENTOS TERRITORIAIS.**

##### **A.4.1 CAMBIOS COMÚNS AOS CATRO DEPARTAMENTOS TERRITORIAIS**

###### **A.4.1.1. SUPRESIÓN DAS XEFATURAS TERRITORIAIS**

A disposición adicional décimo segunda do Decreto 49/2024 , de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia, suprime as Xefaturas Territoriais das distintas Consellerías.

As súas competencias funcións son asumidas polos Departamentos Territoriais, previstos no citado decreto, que se regulan como órganos de exercicio de competencias administrativas de cada unha das consellerías , ao fronte dos cales estarán os directores/directoras territoriais dos/das que dependerán organicamente todos os servizos e unidades administrativas da Consellería que radiquen no seu ámbito territorial

#### **B. OUTRAS MODIFICACIÓNS PUNTUAIS**

##### **B.1 Modificación do Decreto 81/2017 polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal**

O Decreto 79/2023, do 22 de xuño, fixou a estrutura orgánica das vicepresidencias e dasconsellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 119, do 23 de xuño). O seu artigo 10, establece, entre outras cuestións, que a Axencia Forestal de Galicia queda adscrita á Consellería do Medio Rural.

No ano 2023, por parte da Consellería de Medio Rural tramitouse unha modificación do do Decreto 81/2017, polo que se crea a Axencia Forestal de Galicia e se aproban os seus estatutos, nesta modificación, entre outras, reforzabase a estrutura da Axencia coa creación da Xefatura de Área de Información Forestal (nivel 30) e co

posto de Director/a do CIS madeira (nivel 28).

Para a modificación indicada no parágrafo anterior na Consellería de Medio Rural foi preciso amortizar os seguintes postos:

CODIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	SUBGRUPO	FORMA PROVISIÓN	T. ADMÓN
MRC040000115770059	XEFATURA SECCIÓN	25	A1-A2	C	ESE5-EME
MRC995018036380211	Peón Forestal	13	AP	C	XELR

ESE5.- ESPECIAL (ESC.ENXEÑEIROS – ESP. ENX. DE MONTES)  
EME3.- ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS TÉCNICOS – ESP. ENX. TÉCNICA FORESTAL)  
XELR.- XERAL (ESC. PERSOAL LIMPEZA, COCIÑA E REURSOS NATURAIS – ESPE. REC. NATU. E FORESTALES)

A modificación indicada anteriormente conta cos informes favorables das entón direccións xerais de Simplificación Administrativa e de Función Pública do 31/10/2023 e da D.X de Planificación e Orzamentos do 15/12/2023.

A Axencia Forestal de Galicia foi traspasada á Secretaria Xeral de Industria polo Decreto 49/2024 do 22 de abril.

## **B.2. Modificacións puntuais nas Áreas Comarcais de Lugo, Mondoñedo e Vilalba**

A nova Política Agrícola Común (PAC) dispón que os Estados Membros deben garantir a existencia de servizos de asesoramento ás explotacións con fin de mellorar a xestión sostible e o rendemento xeral das explotacións agrícolas e empresas rurais no plano económico, ambiental e social.

Co fin de dar cumprimento á esixencia da nova PAC, o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establecía a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, xa reflectiu cambios que potenciaban o papel e as funcións que deben desempeñar as oficinas rurais, tendo presente que son o punto de información máis próximo no entorno das explotacións agrarias, e que o persoal que as atende ten un elevado grao de especialización técnica.

Nesta primeira fase creáronse na Relación de Postos de Traballo catro novos postos de traballo de carácter funcional dependentes de cada dirección territorial que na actualidade están dando apoio ás Oficinas Rurais, cando é necesario, e á Oficina Agraria Móbil, dentro das especialidades agrónoma, veterinaria e administrativa.

O ámbito de actuación dos Servizos Veterinarios e Agrarios está determinado en 15 áreas comarcais cuxo ámbito de actuación concreto (concellos que comprende cada

área) ven definido nun anexo da RPT da Consellería de Medio Rural.

Estas áreas comarcais desenvolven as súas funcións nas Oficinas Rurais que son unidades moi próximas á cidadanía do ámbito rural e contan con persoal axeitado para o desenvolvemento das actuacións de interese do medio rural. É obxectivo da Consellería aproveitar todo o potencial das Oficinas Rurais e adecuar a súa configuración á realidade agraria actual, optimizando sempre a súa relación coa cidadanía.

A finalidade última desta modificación é a distribución axeitada de postos nas áreas de Lugo, Mondoñedo e Vilalba segundo as cargas de traballo e a importancia agrícola e gandeira, co fin de poder atender axeitadamente ás actuacións encomendadas.

## ÁREA DE LUGO

Dentro desta Área comarcal, na Oficina Rural de Lugo conta cunha elevada carga de traballo, na actual RPT, no referente ao postos de carácter administrativo, conta unicamente cun posto Base Subgrupo C2.

Co fin de poder reforzar este centro acórdase crear un posto de de nivel 18, que terá encomendadas a realización de todo tipo de tarefas ofimáticas, por esa razón ase abre aos subgrupo C1 e C2.

CODIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	SUBGRUPO	FORMA PROVISIÓN	T. ADMÓN
MRC992005127001026	UNIDADE DE APOIO ADMINISTRATIVO	18	C1-C2	C	XERAL

Para crear o posto anterior é necesario amortizar o seguinte posto vacante dependente da Dirección Territorial de Lugo:

CODIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	SUBGRUPO	FORMA PROVISIÓN	T. ADMÓN
MRC991000027001033	UNIDADE DE APOIO ADMINISTRATIVO	18	C1-C2	C	XERAL

## ÁREA DE MONDOÑEDO

A Oficina Rural de Mondoñedo conta na actualidade con dous postos de persoal administrativo:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL
MR.C99.20.071.27290.014	POSTO BASE SUBGRUPO C1 (MONDOÑEDO)	C1	14
MR.C99.20.071.27290.018	XEFATURA DE GRUPO (MONDOÑEDO)	C1-C2	14

Co fin de facilitar a cobertura do posto MR.C99.20.071.27290.014, acórdase abrir o posto ao subgrupo C2 e cambiar a súa denominación. Actualmente o posto esta ocupado por unha funcionaria do subgrupo C1 en destino provisional, non obstante a modificación proposta non afecta á ocupación actual do posto que mantén as súas funcións e dependencia.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL
MR.C99.20.071.27290.014	XEFATURA DE GRUPO (MONDOÑEDO)	C1-C2	14

## ÁREA DE VILALBA

Nesta área préstanse servizos a 15 concellos da comarca da Terra Chá e da Comarca de Meira, ambas cun peso relevante no sector agrícola e gandeiro.

No que se refire á prestación dos Servizos Veterinarios Oficiais, a Oficina de Castro de Rei que atende aos concellos de Cospeito, A Pastoriza e Castro de Rei, ten unha elevada carga de traballo e está sendo apoiada de forma habitual polo Veterinario/a de Apoio Territorial dependente da Dirección Territorial de Lugo para atender en concreto os servizos veterinarios de A pastoriza, polo que se considera necesario crear un posto de veterinario e outro de administrativo.

O posto de Inspector/a Veterinario na localidade de A Pastoriza dotase coa amortización do posto vacante de Inspector/a Veterinario/a de Apoio co código MR.C99.20.090.27640.015 da propia Área de Vilalba, e a Xefatura de Grupo dotase coa amortización da Xefatura de Grupo vacante co código MR.C99.20.073.27650.009 adscrito á Oficina Rural de Viveiro, xa que esta oficina conta con dous postos administrativos máis que están cubertos actualmente e que atenden axeitadamente a súa carga de traballo administrativa.

Os postos creados son:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	ESCALA	GRUPO	NIVEL
-----------------	-----------------------	--------	-------	-------

MR.C99.20.095.27430.001	INSPECTOR/A VETERINARIO/A	ESV(esc.veterinarios)	A1	24
MR.C99.20.095.27430.002	XEFE/ADE GRUPO	XERAL	C1-C2	14

#### **B.4. Inclusión de 6 postos no Acordo de condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos subgrupo A1 e A2 do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.**

O persoal técnico do Servizo de Prevención de Incendios que presta servizos nos diferentes centros de coordinación de incendios forestais ten regulada a prestación dos seus servizos no *Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais*.

As condicións específicas de traballo levan aparelado unhas retribucións diferentes aos demais postos de persoal funcionario, que se reflicten nun complemento específico diferencial ao igual que na percepción dun complemento de produtividade pola realización de determinadas quendas de garda.

Para a prestación do servizo, no período de alto risco, nos diferentes centros de coordinación provincial é necesario que en cada quenda de garda haxa un xefe de garda e un técnico de apoio ao xefe de garda.

Ata o ano 2019, tendo en conta que as funcións de planificación e ordenación forestal e extinción de incendios estaban na mesmo centro directivo, as funcións de xefe de garda eran desempeñadas polos xefes de servizo do SPIF, xefes de servizo de montes e as xefaturas de área (nivel 26), e as funcións de técnico de apoio eran desempeñadas polas unidades técnicas (nivel 25) e polos postos bases A1 que contan co requisito de titulación de Enxeñería de Montes.

No ano 2019, coa separación das funcións de planificación e ordenación forestal e de prevención de incendios forestais en dous centros directivos, supuxo que os xefes do servizo de montes non se incorporaran as gardas.

Por acordo do Consello da Xunta do 13 de xuño de 2019, aprobouse a Relación de Postos de Traballo da Consellería do Medio Rural, no cal se creaban, entre outros postos, catro xefaturas de área (nivel 26), dependentes de cada un dos servizos de prevención de incendios forestais de cada Dirección Territorial e un posto base subgrupo A1 dependente da Dirección Territorial de Lugo. Estes postos no seu momento non se incluíron no acordo de condicións específicas en previsión dunha futura reorganización da totalidade dos postos dos diferentes centros directivos.

Por outra banda na Dirección Territorial da Coruña, hai un posto base subgrupo A1

(código: MRC991080115001015- requisito de titulación enxeñaría de montes), que na RPT depende do Director/a Territorial e adscrito ao servizo de prevención de incendios cuxa incorporación ás diferentes quendas de gardas é necesario e non está incluído no acordo de condicións específicas ao tratarse dun posto base que ten dependencia do titular do centro directivo.

Co fin de poder contar cun dispositivo apropiado para realizar as gardas de incendios, de conformidade co previsto no acordo de condicións específicas, é preciso dotar os postos seguintes coas retribucións o que permite ter adecuadamente dimensionado o servizo para a realización das gardas de incendios:

Codigo de posto	Denominacion	Centro directivo
MRC991080115001010	XEFATURA ÁREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA - SFPIF
MRC991080127001009	XEFE/A DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DA LUGO- SFPIF
MRC991080132001011	XEFE DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE OURENSE - SFPIF
MRC991080136001011	XEFE DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA- SFPIF
MRC991000015001015	POSTO BASE A1	DIRECCIÓN TERRITORIAL A CORUÑA
MRC991080127001004	POSTO BASE A1	DIRECCIÓN TERRITORIAL A LUGO

A totalidade dos postos están ocupados, ben por funcionarios en comisión de servizos ou por persoal funcionario interino. A modificación que se plantexa é a inclusión no acordo de funcións, non a modificación das funcións que veñen realizando de xeito habitual nos seus diferentes postos.

No caso do posto base subgrupo A1 do Departamento Territorial da Coruña, ademais da inclusión do acordo é preciso recodificalo para que pase a depender do servizo de prevención de incendios forestais, toda vez que se trata dun posto que ten unhas funcións concretas que difiren do acordo xeral de que os postos bases deben depender do titular do centro directivo.

Como se expuxo anteriormente os postos do acordo teñen un complemento específico diferencial e perciben un complemento de produtividade, polo que para facer a modificación sinalada é preciso modificar os seguintes postos

Codigo de posto	Denominacion	Centro directivo
MRC995012032001101	B.F OFICIAL DEFENSA CONTRA INCENDIOS	DISTRITO FORESTAL XII - MIÑO -ARNOIA
MRC995006127650181	EMISORISTA	COMARCA FORESTAL: MARIÑA OCCIDENTAL
MRC995001015350032	PEÓN/OA FORESTAL (CAPELADA)	DISTRITO FORESTAL: I - FERROL

## B.5 Modificación do posto base subgrup A2 da Dirección Territorial de Lugo

Por *Resolución do 14 de xuño de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de xuño de 2019 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural (DOG 18/06/2019)* publicouse a relación de postos de traballo da Consellería de Medio Rural.



Na anterior relación de postos creouse, entre outros, o posto base subgrupo A2 co seguinte código de posto MR.C99.10.000.27001.244, co fin de adscribir ao mesmo á traballadora E.V.M, declarada personal laboral indefinida non fixa derivada dunha cesión ilegal de traballadores. A traballadora estaba contratada como enxeñeiro técnica agrícola.

Na creación do dito posto por erro abreuse ao corpo ESE2 (escala de enxeñeiros – especialidade enxeñería agrónoma), neste intre é preciso emendar o dito erro, toda vez que un posto base subgrupo A2 non pode estar aberto ao corpo de enxeñeiros senón ao de enxeñeiros técnicos.

Polo anterior realízase a modificación do posto pasando a estar aberto ao corpo EME4 (escala de enxeñeiros técnicos – especialidade enxeñería técnica agrícola).

### C. AMORTIZACIÓNS:

Os cambios propostos implican a supresión da Relación de Postos de Trballo dos seguintes postos vacantes:

Codigo de posto	Denominacion	Centro directivo	motivo
MRC060000115770014	XEFATURA SECCIÓN TOPOGRAFÍA	DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL	Decreto 223/22 (A.1.4)
MRC991050132001021	INSPECTOR/A VETERINARIO/A DE APOIO	SERVIZO DE GANDARÍA (OURENSE)	Decreto 223/22 (A.1.4)
MRC991060132001012	XEFATURA SECCIÓN C	SERVIZO DE INDUSTRIAS, CALIDADE E CADEA AGROALIMENTARIA (OURENSE)	Decreto 223/22 (A.1.4)
MRC050000315770010	XEFATURA SERVIZO INDUSTRIALIZ. E COMERCIALIZACIÓN	DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA	Decreto 49/24 (A.3.1)
MRC992009027640015	INSPECTOR/A VETERINARIO/A DE APOIO	DIRECCION TERRITORIAL DE LUGO - AREA VILALBA	Modificacion oficinas (B.2)
MRC992007327650009	XEFE/A DE GRUPO	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO - AREA DE VIVEIRO	Modificacion oficinas (B.2)
MRC991000027001033	UNIDADE DE APOIO ADMINISTRATIVO	DIRECCION TERRITORIAL DE LUGO	Modificacion oficinas (B.2)
MRC995012032001101	B.F OFICIAL DEFENSA CONTRA INCENDIOS	DISTRITO FORESTAL XII - MIÑO - ARNOIA	ACORDO DE INCENDIOS (B.4)
MRC995001015350032	PEÓN/OA FORESTAL (CAPELADA)	DISTRITO FORESTAL: I - FERROL	ACORDO DE INCENDIOS (B.4)
MRC995006127650181	VIXILANTE FIXO	COMARCA FORESTAL: MARIÑA OCCIDENTAL	ACORDO DE INCENDIOS (B.4)
MRC040000115770059	XEFATURA SECCIÓN	DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL	Decreto 79/2023 (B.1)
MRC995018036380211	PEÓN FORESTAL	VIVEIRO FORESTAL AREAS - TUI	Decreto 79/2023 (B.1)

Santiago de Compostela  
O Secretario Xeral Técnico



CONSELLERÍA: MEDIO RURAL

PROPOSTA: MR-2024-005-M

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO A AMORTIZAR

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	CATEG.	VACANTE	CUSTO ANUAL
S. X. DE RECURSOS FORESTAIS	MRC040000115770059	XEFATURA SECCIÓN	A1, A2	25	Si	53.764,18
S. X. DA CADEA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	MRC050000315770010	XEFATURA SERVIZO INDUSTRIALIZ. E COMERCIALIZACIÓN	A1, A2	28	Si	64.764,97
S. X. DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS	MRC060000115770014	XEFATURA SECCIÓN TOPOGRAFÍA	A2	25	Si	51.053,68
XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA	MRC991000015001001	XEFE/A TERRITORIAL	A1, A2	28	Si	69.227,5
XEFATURA TERRITORIAL LUGO	MRC991000027001001	XEFE/A TERRITORIAL	A1, A2	28	Si	69.227,5
XEFATURA TERRITORIAL LUGO	MRC991000027001033	UNIDADE DE APOIO ADMINISTRATIVO	C1, C2	18	Si	33.459,56
XEFATURA TERRITORIAL OURENSE	MRC991000032001001	XEFE/A TERRITORIAL	A1, A2	28	Si	69.227,5
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	MRC991000036001001	XEFE/A TERRITORIAL	A1, A2	28	Si	69.227,5
SERVIZO DE GANDARÍA (OURENSE)	MRC991050132001021	INSPECTOR/A VETERINARIO/A DE APOIO	A1	24	Si	53.837,51
SERVIZO DE INDUSTRIAS, CALIDADE E CADEA AGROALIMENTARIA (OURENSE)	MRC991060132001012	XEFATURA SECCIÓN C	A1, A2	22	Si	46.693,22
OFICINA DE VIVEIRO	MRC992007327650009	XEFATURA GRUPO (VIVEIRO)	C1, C2	14	Si	30.813,14
AREA DE VILALBA	MRC992009027640015	INSPECTOR/A VETERINARIO/A DE APOIO	A1	24	Si	53.837,51
DISTRITO FORESTAL: I - FERROL	MRC995001015350032	PEÓN/OA FORESTAL (CAPELADA)	AP	10	Si	25.105,26
COMARCA FORESTAL: MARINA OCCIDENTAL	MRC995006127650181	VIXILANTE FIXO/A SPDCIF	V	010B	Si	28.056,23
DISTRITO FORESTAL: XII - MINO - ARNOIA	MRC995012032001101	BOMBEIRO/A FORESTAL ODCIF	IV	0041	Si	31.679,37



CONSELLERÍA: MEDIO RURAL

PROPOSTA: MR-2024-005-M

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO A AMORTIZAR

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	CATEG.	VACANTE	CUSTO ANUAL
DISTRITO FORESTAL: XVIII - VIGO - BAIXO MIÑO	MRC995018036380211	PEÓN/OA FORESTAL	AP	13	Si	27.272,84